

ORDENANZA Nº 18 SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DA COSTA

A presente ordenanza engloba dúas categorías de solo diferenciadas nos planos de ordenación:

- Solo rústico de dominio público marítimo terrestre
- Solo rústico de protección de Costas.

Deslinde do dominio público marítimo-terrestre

De acordo co disposto no artigo 210.4 do Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei de Costas, nos planos de ordenación do presente Plan Xeral de Ordenación representase a **liña de deslinde do dominio público marítimo-terrestre e a liña de protección proporcionados polo Ministerio de Medio Ambiente.**

➤ Solo rústico de protección de costas

A servidume de protección establecida pola Lei de Costas é independente de calquera outra protección que para ditas zonas se implemente desde o presente Plan Xeral, tales como as ecolóxicas ou paisaxísticas que imporán outra serie de limitacións ou medidas potenciadoras dos seus valores naturais.

As limitacións que se establecen para esta zona recóllense nos artigos 23 e seguintes da Lei de Costas, así como na Disposición Transitoria 3ª.

Os usos permitidos na zona afectada pola servidume de protección deberán contar coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma, tal como establecen os arts. 48.1 e 49 do R.D. 1112/92 polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei de Costas.

Servidume de tránsito

A servidume de tránsito establececese sobre unha franxa de 6 metros medida terra dentro a partir do límite interior da ribeira do mar. As limitacións para a mesma fíxanse no artigo 27 da Lei de Costas.

Servidume de acceso ó mar

O presente Plan Xeral, en cumprimento do disposto no Artigo 28 da Lei de Costas, dispón nas zonas urbanas accesos ó mar separados como máximo 500 metros para circulación rodada e 200 para peóns. En canto ós solos urbanizables, os preceptivos Plans Parciais que se redacten en

desenrolo dos mesmos, deberán prever estes accesos, de acordo co disposto na citada Lei.

➤ **Solo rústico do dominio público marítimo-terrestre**

A regulación da zona de dominio público marítimo-terrestre está contida no Título III da vixente Lei de Costas.